

NÓS NON ENVELLECEREMOS XUNTOS

Maurice Pialat, 1972

1554

ESTREA EN NUMAX: 18.07.2025 | V.O.S.E. | +16 | 102 min

Crónica da degradación dunha parella. A partir dos avatares amorosos de Jean, un cineasta colérico e violento, e Catherine, amante infantil e neurótica, Pialat traza o relato implacable dun amor que se resiste á súa disolución.

«Radical e popular, un cinema gravado a coitelo na mesmísima materia da vida»

LES INROCKUPTIBLES



A vida inscrita nas marxes da pantalla

Por Carlos Reviriego

Non importa cal escollamos das dez grandes obras que dirixiu nas case tres décadas da súa carreira, desde que con 44 anos debutou na longametraxe con *A infancia espida* (1968): calquera delas imanta e impacta en nós cunha enerxía descomunal. Todo no cinema de Maurice Pialat é enérxico, cru, dunha clase de realismo que non admite outro contexto máis que o seu. Semella como se as súas películas non estivesen feitas para o espectador, senón que os seus personaxes adquirisen vida propia alén do que o cineasta teña imaxinado.

Pialat é un director que sempre está en débeda coas súas criaturas, coas vidas que captura, cos seus intérpretes e actores non profesionais, aos que mesturaba indiscriminadamente para ver que clase de alianzas resultaban. Vestixios de ficción e arrebatos de documental colapsando unha e outra vez fronte á cámara. O seu cinema non admite concesións nin sentimentalismos. O seu cinema é vida e a súa vida enteira quedou inscrita, exorcizada, nas marxes da pantalla.

Aínda que de maneira non planificada, a existencia de Pialat lese nos seus filmes. Unha infancia dolorosa e de abandono, un divorcio traumático, a morte dos seus pais, e o sentimento constante de orfandade, a súa propia paternidade... N'A *infancia espida* introduciu os seus elementos recorrentes: a contorna provinciana e o retrato da burguesía, a sensación de perda e de desprazamento, sobre todo a través das estruturas abruptas (longas secuencias, elipses abismais, diálogos explosivos) e as crises familiares, do patriarcado e a tradición.

O seu cinema destila a Francia atrapada entre a parálise moral da posguerra e o novo conservadurismo da sociedade de consumo e as ilusións de liberación a través do corpo. É un cinema físico, case táctil, cuxos mellores momentos agroman da sensualidade ou da crueldade, de xestos que rompen o *status quo* narrativo. Todo parece pender dun fío (dunha mirada) e en calquera segundo a película implosiona e esnaquiza.

Hai numerosos personaxes nas súas películas, sexan homes ou mulleres –pensemos na fermosa criatura interpretada por Jean Yanne en *Nós non envellecemos xuntos* ou a novísima Sandrine Bonnaire n'*Os nosos amores*- que non atopan a forma de aferrarse a unha felicidade pasaxeira, a un presente sempre ameazado por un futuro extraviado, no que resulta imposible conectar co ser humano dunha forma satisfactoria.

Dun modo ou outro, no seu cinema, toda relación humana conduce á dor, e os seus personaxes, como o de Gérard Depardieu n'*O neno*, o último filme que dirixiu, están condenados a tormentos que os torturan tanto a eles mesmos como ás persoas que aman. As contidas bágoas finais de Sophie (Géraldine Pailhas) nesta película, de feito o último “anaco de vida” na filmografía de Pialat, conmóvenos de forma indescritible non só porque condensa toda a carga emocional do filme, senón porque concita a esencia en bruto das conquistas do seu cinema.

Esas conquistas, formais e narrativas, direcciónannos cara ao centro sísmico da modernidade cinematográfica, especificamente á súa capacidade para o naturalismo e a potencia das emocións. Cando o espectador busca no patio de butacas un lugar onde escapar do mundo e o seu ruído, o cinema de Pialat lánzanos de cheo para revelarnos emocións inconfesables e facernos sentir máis vivos que nunca.